

EN MAREA CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

Nos últimos días son varias as novas publicadas en diferentes medios sobre casos que, dun ou doutro xeito, teñen un trasfondo común: a violencia machista nas súas múltiples manifestacións, motivo polo cal a área de feminismo de En Marea posicionase, unha vez máis, contra calquera tipo de violencia machista.

Ana Seijas e Iria Morgade, como responsables da área de feminismo de En Marea sinalan que “a expresión máis atroz da violencia machista son os asasinatos, pero son so a punta do iceberg: hai moitas condutas, accións, omisións, etc, etc. que tamén son violencia machista”.

Nos últimos 15 anos, 885 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou exparellas. O ano pasado, os xulgados galegos recibiron 5683 denuncias por violencia machista. Raro é o día que non hai unha nova sobre algunha agresión, ameaza, vulneración de dereitos... cara as mulleres. Está claro: o machismo mata.

O 24 de xullo unha moza de 21 anos era acoitelada en múltiples ocasións (entre 15 e 20 veces) pola súa exparella en Santiago de Compostela, a plena luz do día e nunha data festiva onde a cidade estaba moi concorrida de xente.

A dramática situación de Juana Rivas, en paradoiro descoñecido tras negarse a entregarlle ás súas crianzas ao home que a maltratou (e que xa foi condenado por un delito de lesións no ámbito familiar no ano 2009) é outro exemplo.

As crianzas tamén son vítimas da violencia machista, xa que a sofren tanto directa como indirectamente, mais en moitos casos, tomanse decisións que deixan aos fillos/as de mulleres vítimas de violencia machista nunha situación de desprotección, vulnerando os seus dereitos, xa que, nos casos de violencia machista, debe primar o interese superior do/a menor, afastandoo/a, nestes casos de quen agrede á súa nai. Cada vez que se agrede á nai dunha crianza esta tamén é agredida.

Son estes un par de casos concretos, como moitos mais que son vividos por moitas mulleres, xa que o machismo non entende de idades, orixes, situación económica, social, institucións, etc. En palabras de Ana Seijas “a violencia machista, dun ou doutro xeito, acéchanos a todas, pero non debemos rendernos nin ser indiferentes ante o machismo. A sociedade en xeral debe falar, superar os silencios cómplices, denunciar, arroupar...”.

Desde a área de feminismo de En Marea criticase a falta de eficacia das políticas de prevención contra as violencias machistas, ao carecer en moitas ocasións dos medios e recursos precisos para facerlle fronte e apostase, entre

outros aspectos, polo desenvolvemento de políticas transversais en tódolos ámbitos da sociedade.